

Publican as bases para optar por algunha das 200 bolsas de traballo na provincia de Pontevedra.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Venres, 22 Xaneiro 2016 18:19



O BOP publicou as [bases para optar a 200 bolsa de traballo](#). As mesmas están destinadas a persoas con títulos universitarios ou de formación profesional, segundo os casos, sen experiencia laboral previa no ámbito da súa titulación.

A convocatoria ten por finalidade promover e completar a formación dos graduados en áreas de coñecemento ou actividades que poidan facilitar a súa incorporación ao mercado laboral.

Os interesados poderán optar segundo titulación e especialidade a traballos na deputación ou segundo o caso nos concellos pontevedreses que participan deste plan de emprego do ente provincial.